

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE XULLO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 18 de xuño de 2014, coa rectificación do erro producido na numeración do asunto relativo ao contrato administrativo de xestión de servizo público, correspondente ao Servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento. incoación de expediente, por incumprimento de servizos mínimos durante folga e advertencia de caducidade da concesión, que figura como 17/451, debendo figurar 30/451, así como a aprobación das actas das sesións das Xuntas de Goberno Local extraordinaria e urxente do 19 de xuño de 2014 e extraordinaria do 23 de xuño de 2014.


ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para a parcelamento da parcela matriz números 449 e 450, polígono 91, núcleo rural Souto, parroquia de Albeiros.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de, rehabilitación de edificio na rúa da Cruz, número 22.

Acórdase a rectificación de erro no acordo número 3/383, adoptado pola xunta de goberno local na sesión do día 4 de xuño de 2014, polo que se concedía licenza de obra, formada por un edificio de planta baixa para uso administrativo e estudos de tecnoloxía enerxética, un edificio para instalacións xerais e a instalación dun aeroxerador, no Parque Empresarial "As Gándaras", parcela T, rúa A.

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas: para cambio de uso de residencial a comercial na totalidade do edificio sito na rúa San Roque, número 49; para a construción dunha vivenda unifamiliar illada que se vai situar na rúa

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	04/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2
 RfzfuzzeAQQqDoDfZTWfnQA==			

Barbeito, número 13, Louzaneta sur B, UZPI-3R, polígono 2, parcela 51; para a reforma de fachada na planta baixa do edificio catalogado, sito na rúa do Teatro, número 1; para a instalación de ascensor en edificio con licenza número 148/74, sito en solo urbano, na rúa Deputación, número 7; para a legalización de ampliación de planta baixa, semisoto e soto no edificio con licenzas 204/94 e 235/95, sito en solo urbano, na estrada de Santiago, número 157 e para a reforma de local de xoiería na planta baixa da rúa San Pedro, número 4.

Do mesmo xeito, acórdase a dengación das seguintes licenzas: para construción de edificio na rúa Río Landro, número 42, e rúa Río Eume e para a reestruturación total por cambio no programa de usos do edificio sito na rúa Tinería, número 17, e Travesía do Miño, número 4.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización de situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para cambio de uso de primeira planta, porta D, de apartamento turístico a vivenda no edificio sito na rúa Alcalde José Novo Freire, 15.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización de situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para cambio de uso de terceira planta, porta e, de apartamento turístico a vivenda no edificio sito na rúa Alcalde José Novo Freire, 13.


Acórdase a regularización de situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza solicitada para cambio de uso de quinta planta, porta e, de apartamento turístico a vivenda no edificio sito na rúa Alcalde José Novo Freire, 13.

Así mesmo, acórdase a regularización de situación tributaria, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para cambio de uso de sexta planta, porta a, de apartamento turístico a vivenda no edificio sito na rúa alcalde José Novo Freire, 15.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestrutura e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.

Código Seguro de verificación:RfzfuzzeAQQqDoDfZTWfnQA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	04/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	RfzfuzzeAQQqDoDfZTWfnQA==	PÁGINA 2/2



RfzfuzzeAQQqDoDfZTWfnQA==